

PLAN XERAL

ANUAL

2022-23

CEIP PLURILINGÜE
SAN SALVADOR DE TEIS

ÍNDICE

1.- INTRODUCCIÓN

2.-OBXECTIVOS DO CENTRO (DECRETO 374/1996, do 17 de outubro polo que se aproba o Regulamento orgánico das escolas de educación infantil e dos colexios de educación primaria).

- 2.1- MEDIDAS A DESENVOLVER PARA A SÚA CONSECUCIÓN
- 2.2-RECURSOS PREVISTOS

3.- CONCRECIÓN ANUAL DO PROXECTO EDUCATIVO (PE) (ORDE DO 22 DE XULLO DE 1997, pola que se regulan determinados aspectos de organización e funcionamento das escolas de educación infantil e dos colexios de educación primaria.

- 3.1-ESTRATEGIAS METODOLÓXICAS E ORGANIZATIVAS DE ATENCIÓN AO ALUMNADO CON NEAE.
- 3.2-CADRO DE ORGANIZACIÓN PEDAGÓXICA
- 3.3-PLAN DE ACTUACIÓN DOS ÓRGANOS COLEXIADOS
- 3.4- PLAN DE ACTUACIÓN DO EQUIPO DIRECTIVO
- 3.5-XORNADA ESCOLAR E HORARIO DO CENTRO
- 3.6-QUENDAS DE VIXILANCIA DOS RECREOS E TRANSPORTE
- 3.7-PROGRAMACIÓN E CALENDARIO DAS REUNIÓNS DOS ÓRGANOS DE GOBERNO E DE COORDINACIÓN DOCENTE
- 3.8-PARTICIPACIÓN DO PROFESORADO EN PROGRAMAS DE INNOVACIÓN EDUCATIVA
- 3.9- LIBROS DE TEXTO.
- 3.10-PROGRAMA DE ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES
- 3.11- PLAN DE AUTOPROTECCIÓN
- 3.12-PLAN DE ORGANIZACIÓN E COORDINACIÓN DAS TAREFAS DO PERSOAL NON DOCENTE.
- 3.13-PLAN PARA A POTENCIACIÓN E ORGANIZACIÓN DAS RELACIÓNS DA COMUNIDADE COA FAMILIA.
- 3.14-PLAN DE TRANSPORTE ESCOLAR

- 3.15-REGULAMENTO DA ORGANIZACIÓN DO COMEDOR.
- 3.16-PLAN DE UTILIZACIÓN DAS INSTALACIÓNS DO CENTRO.
- 3.17-PLAN DE ACTIVIDADES PROPOSTAS POLA ANPA.
- 3.18-PLAN XERAL DE AVALIACIÓN DO CENTRO.

4.-PROGRAMAS OU PLANS ANUAIS DE LECTURA (DECRETO 105/2014, do 4 de setembro, polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia).

- 4.1-PROXECTO LECTOR DO CENTRO.

5.-PLAN DE DINAMIZACIÓN DAS TICS.

6.-PLAN DE DINAMIZACIÓN DA LINGUA GALEGA (DECRETO 79/2010)

7.-PLAN DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE (DECRETO 229/2011(art.11.4 e 11.5)

8.-PLAN DE CONVIVENCIA (DECRETO 8/2015(art. 11.5)

9.-PROXECTO DE CENTRO PLURILINGÜE.

10-ANEXO

DATOS XERAIS DO CENTRO

Denominación: C.E.I.P. Plurilingüe San Salvador

Titularidade: Público

Nº código do Centro: 36010666

Municipio: Teis-Vigo

C.P. 36216

Teléfono: 886120210.

Enderezo: Avda. Galicia 181

Provincia: Pontevedra

Enderezo electrónico: ceip.sansalvador@edu.xunta.es

Nivel ou especialidade	Postos de traballo	Funcionando
Educación infantil	2	2
Ensino Primario	5	5
Pedagogía Terapéutica	1	1
Audición e Linguaxe	1	1 (Compartido con outro centro)
Música	1	1
Inglés	1	1
Francés	1	1
Educación física	1	1
Relixión	1	1 (Compartido con outro centro)
Orientación	0	1 (Compartido con outro centro)
TOTAL	14	15

Nº TOTAL DE ALUMNOS	99
nº alumnos ensino infantil	27
nº alumnos ensino primario	72

1.- INTRODUCCIÓN

Este Plan Xeral Anual parte das características sociais, económicas e culturais onde está ubicado o noso Centro educativo. Unha realidade presente nas nosas aulas e punto de partida das nosas programacións didácticas e proxectos. Este curso seguimos conservando a máscara no transporte escolar, desaparecen os grupos burbulla e a máscara no interior e exterior.

A nosa prioridade é o alumnado que é, sen dúbida, o motor indiscutible de todo o proceso da ensinanza-aprendizaxe; polo que este curso convertímonos nun CEIP PLURILINGÜE, o que supón a incorporación dun AUXILIAR DE CONVERSA, compartido con outro centro.

Tamén contamos coa presenza dunha AUXILIAR DE CONVERSA UCRAÍNA, pola incorporación de alumnado de Ucraia ao noso centro.

Temos unha ratio media de 15 alumnos/as por aula, así como 14 profesores/as no Centro, tres deles compartidos sendo a maioría definitivo. Este curso comenzamos cunha mestra menos, por xubilación, e a Consellería non cubriu esa falta con outro mestre ou mestra, polo que tivemos que agrupar os dous quintos nun só curso de sexto. Estamos pendentes da nova incorporación: 1 mestre/a de PROA+.

Este curso seguimos co comedor levado pola Administración, sendo a Directora a responsable do mesmo, quedando tódolos días nel. Notouse unha baixada de usuarios pola baixada de matrícula.

O curso 22/23 seguimos coa dinámica organizativa e pedagóxica do curso anterior, con moita carga de traballo para todo o profesorado, pero especialmente para o Equipo Directivo.

2.-OBXECTIVOS DO CENTRO

1. Desenvolver a personalidade d@s alumn@s para que fomentemos a capacidade de observación, discernimento e enxuzamento crítico sobre todo, fronte aos medios de comunicación , as redes sociais , internet...co fin de encamiñar o noso alumnado a adquisición das competencias básicas.
2. Manexo da Aula virtual.
3. Formación no respecto dos dereitos e liberdades fundamentais e no exercicio da tolerancia e da liberdade dentro dos principios democráticos de convivencia.
4. Pretendemos que o alumnado aprenda a respectar:
 - Na aula: solicitando e respectando a quenda de palabra establecida e seguindo as medidas de hixiene e seguridade establecidas.
 - Nos corredores e dentro do colexio: a orde de entradas e saídas por cursos, respectando a distancia entre filas, non berrar nin correr,etc

- Nos patios: as instalacións deportivas, os espazos verdes, procurando mantelo limpo co uso das papeleiras, buscando que sexa un espazo de respecto e convivencia positiva, fomentando a igualdade de xénero e a non discriminación e respectando o espazo de xogo de cada grupo-clase.
5. Desenvolver hábitos intelectuais e técnicas de traballo, así como, coñecementos científicos, técnicos, humanísticos, históricos e estéticos desenvolvendo técnicas de subliñado, esquemas, resúmenes, apuntes e toma de notas que faciliten a adquisición de contidos. Fomentar e potenciar o traballo en proxectos tanto a nivel centro como a nivel aula.
 5. Formar no respecto á pluralidade lingüística e cultural así como para a paz, a cooperación e a solidariedade entre os pobos.
 6. Potenciar o respecto ao entorno e a conservación do medio ambiente, fomentando actitudes ecolóxicas de aforro de materias primas e enerxía, así como reutilización e aproveitamento de diversos espazos do colexio.
 7. Aprender a usar, gozar e coidar dos bens e servizos comúns.
 8. Coñecer as mensaxes básicas da circulación viaria.
 9. Descubrir e dar prioridade ao valor do ser fronte ao valor de ter, na toma de decisións sobre o consumo. Garantir unha autonomía persoal fronte ao consumismo.
 10. Recoñecer e sensibilizarse coas persoas e pobos que carecen dos recursos básicos mostrando unha actitude xenerosa e solidaria.
 11. Desenvolver e afianzar hábitos autónomos de coidado e de saúde persoal, así como o gusto pola actividade física.
 12. Reforzar a autonomía e a autoestima como bases para construír un proxecto de vida saudable.
 13. Descubrir, potenciar e desenvolver a totalidade das potencialidades ou capacidades persoais, sen se deixar influir ou mediatizar por ningún tipo de condicionante ou de limitación de carácter sexista, cultural, racial ou físico.
 14. Aceptar, respectar e valorar as características, cualidades e identidade de xénero doutras persoas sen deixarse influir por ningún tipo de actitude discriminatoria, fomentando a igualdade.
 15. Canalizar a agresividade da persoa cara o ben e o pensamento positivo.
 16. Sentir a satisfacción que produce a relación de confianza, de respecto e colaboración cos demais.
 17. Construír e potenciar unhas relacións de diálogo, paz e harmonía no ámbito escolar e, en xeral, nas nosas relacións cotiás.
 18. Recoñecer situacións de conflito, sendo capaces de tomar decisións para solucionarlas de forma creativa e non violenta a través do diálogo.
 19. Desenvolver o interese na diversidade de persoas e culturas, actuando sempre cunha actitude aberta, respectuosa e tolerante.
 20. Coñecer e potenciar os dereitos humanos.

2.1-MEDIDAS A DESENVOLVER PARA A SÚA CONSECUCIÓN

- A través de proxectos interdisciplinares de centro (este curso traballamos a través do proxecto “OS MEDIOS DE COMUNICACIÓN”), ademais de todos os que se realicen nas aulas.
- Programar e organizar actividades para traballar as distintas celebracións ao longo do curso, (Día das Letras Galegas, A Paz, o Entroido, etc...) contando sempre coa colaboración de toda a comunidade educativa.
- Participar nos Talleres de Igualdade programados polo Concello (no caso de que os organice o Concello).
- Colaborar nas charlas que, sobre educación vial, realiza a Policía Local no noso colexio.
- Traballar normas de centro dun xeito conxunto tanto a nivel aula como a nivel colexio (corredores, aulas, pavillón..).
- Traballar a responsabilidade no alumnado, conseguir que sexan quen de facer as súas mochilas ao vir e ao regresar do colexio, metendo o necesario e indispensable para o traballo de aula.
- Aplicar o Plan de Convivencia cando sexa preciso.
- Emprego dunha linguaxe non sexista.
- Revisión de material non sexista nos distintos espazos do colexio.

2.2- RECURSOS PREVISTOS

- A) Todos dos que dispón o centro e os que poida acadar do seu contorno (recursos materiais, humanos e espazos) tratando de optimizar o seu bo uso facilitando o emprego por parte de toda a comunidade escolar destes recursos.
- B) Asociacións diversas, Concello de Vigo, Colexios, Fundacións, etc, como recursos educativos complementarios.

3.- CONCRECIÓN ANUAL DO PROXECTO EDUCATIVO (PE)

- A partires deste curso somos CENTRO PLURILINGÜE.
- Este curso temos agrupados os cursos de: 5º/6º de E.Infantil e 3º/4º de E.Primaria. Seguimos sen ser Centro Base para o Orientador, polo que estará tres días fixos no noso colexio e dous martes pola tarde alternos co outro.
- Horas de atención ao profesorado que está no equipo de biblioteca (PLAMBE).
- Solicitamos de novo o PROA+, dentro do programa Refórza-T, para mellorar as perspectivas escolares, o clima do centro, as expectativas do propio alumno/a e a implicación das familias nos

casos de alumnado en desventaxa socioeducativa, en definitiva, unha mellora na calidade de ensinanza.

- Este curso a totalidade do profesorado traballaremos de novo no proxecto FARO NA ESCOLA, buscando novos recursos para fomentar o interés, a colaboración, a creatividade, etc favorecendo as distintas aprendizaxes.
- Continuaremos coa REDE DE HORTAS ECOLÓXICAS ESCOLARES DE VIGO, cunha mestra como coordinadora.
- Seguimos co FOGGA, este curso con froita e leite.
- Solicitouse participar no proxecto de POLOS CREATIVOS (medios audiovisuais).
- Participamos no Plan Proxecta: PROXECTO DE INNOVACIÓN EN DINAMIZACIÓN LINGÜÍSTICA.

3.1-ESTRATEGIAS METODOLÓXICAS E ORGANIZATIVAS DE ATENCIÓN AO ALUMNADO CON NEAE.

- Reunións do D.O. no mes de setembro para facer valoracións do alumnado con n.e.a.e, para poder asignar os apoios pertinentes durante o curso, sendo revisados trimestralmente.
- Reunións do profesorado cos membros do D. de Orientación para valorar, previr e reforzar dificultades de aprendizaxe e conductuais, aportando estratexias metodolóxicas individualizadas.
- Entrevistas e reunións continuadas coas familias e Gabinetes para realizar un traballo conxunto acorde ás necesidades do alumnado.
- Dende a Xefatura de Estudos se facilitarán, dentro do horario do profesorado, horas de garda como apoio nas aulas (cuxa asignación corresponde ao D.O).
- Aproveitar asociación e fundacións sen ánimo de lucro para derivar alumnado con necesidades de aprendizaxe ou que se atopan en situación de desventaxa social.

3.2-CADRO DE ORGANIZACIÓN PEDAGÓXICA

3.2.1.- Educación infantil e Primaria

- **CICLO DE ENSINO INFANTIL**

Compoñentes do ciclo:

Bautista Montero, Francisca de F. (Coordinadora)
Losada Campos, Julia M^a

Outro profesorado que intervén:

Rodríguez Pérez, Pilar Isabel (E.M)
Pérez Moreira, Eva M^a (FI)
Miguel González, Ángeles (ER)
Román Pena, Rebeca(AL)
Senlle Bonet, Lina Natalia (P.T)
Abal Martínez, Juan (PT PROA+)
Abel Souto, Jesús (OR)
Pérez Mariño, Fernando (E.F.)

No primeiro nivel de educación infantil levarase a cabo un período de adaptación de modo que o alumnado irase incorporando dun xeito progresivo. (Ver anexo)

• **ENSINO PRIMARIA**

Salgado García, Nieves
De Araújo Parada, M^a Teresa
Roca Martínez, M^a Victoria
Pérez Alonso, Noelia
Paradelo Quevedo, Vanessa

Outro profesorado que intervén:

Rodríguez Pérez, Pilar Isabel (E.M)
Miguel González, Ángeles (ER)
Román Pena, Rebeca (AL)
Pérez Moreira, Eva M^a (FI)
Abel Souto, Jesús (O)
Pérez Mariño, Fernando (E.F.)
Senlle Bonet, Lina Natalia (P.T)
Abal Martínez, Juan (PT PROA+)

Datas de reunións coas familias:

Martes 20 de setembro ás 16:00 horas: 1º,6º E.PRIMARIA

Martes 20 de setembro ás 17:00 horas: 2º,5º E.PRIMARIA

Martes 27 de setembro ás 16:00 horas: 4º e 5º/6º de E.INFANTIL

Martes 27 de setembro ás 17:00 horas: 3º /4º de E.P.

3.2.2.- Equipos docentes

Equipo de orientación	
Orientador (compartido)	Abel Souto, Jesús
PT	Senlle Bonet, Lina Natalia
(PT PROA+)	Abal Martínez, Juan
AL (compartida)	Román Pena, Rebeca

Comisión de coordinación Pedagóxica	
Ensino infantil e primario	Bautista Montero, Francisca (coord.Inf) De Araújo Parada, Mª Teresa(C.1º ciclo) Paradelo Quevedo, Vanessa(C.2º ciclo) Pérez Alonso, Noelia (C.3º ciclo)
Orientación	Abel Souto, Jesús
Xefatura de estudos	Mª Teresa De Araújo Parada
ENDLG.	Losada Campos, Julia Mª
A.L.	Román Pena, Rebeca
P.T.	Senlle Bonet, Lina Natalia
(PT PROA+)	Abal Martínez, Juan
Coordinador Biblioteca	Roca Martínez, Mª Victoria

Equipo de normalización lingüística	
Coordinadora	Losada Campos, Julia Miguel González, Ángeles Salgado García, Nieves

Equipo de A. Extraescolares	
Coordinadora	De Araújo Parada, M ^a Teresa Bautista Montero, Francisca Paradelo Quevedo, Vanessa

Comisión de convivencia	
Bautista Montero, Francisca Abel Souto, Jesús Tizón Méndez, Miguel Roca Martínez, M ^a Victoria Luna Pascual, Noa	Directora Orientador Representante pais/nais Mestre Representante alumnado

TICs	
Coordinador	Rodríguez Pérez, Pilar Isabel Pérez Mariño, Fernando Pérez Moreira, Eva Pérez Alonso, Noelia

Equipo de Biblioteca	
Coordinador	Roca Martínez, M ^a Victoria Senlle Bonet, Lina Natalia Román Pena, Rebeca Abal Martínez, Juan

3.3-PLAN DE ACTUACIÓN DOS ÓRGANOS COLEXIADOS

Consello Escolar	
Directora	Bautista Montero, Francisca de Fátima
Xefa de Estudos	De Araújo Parada, M ^a Teresa
Secretaria	Pérez Moreira, Eva
Representantes dos mestres	Miguel González, Ángeles Roca Martínez, M ^a Victoria Pérez Mariño, Fernando Pérez Alonso, Noelia
Representantes dos pais	Solla Mateo, Sonia Tizón Méndez, Miguel García Millos, Ana Belén Dominguez Cabral, Luis Ángel Collazo González, Antonio
Representantes do persoal non docente	Fandiño Docio, Enrique
Representante do concello	José Antonio Franco Reza

Claustro de profesores	
Ensino infantil: Losada Campos, Julia Bautista Montero, Francisca	1º e 2º de Primaria De Araújo Parada, M ^a Teresa Roca Martínez, M ^a Victoria
3º / 4º de Primaria Paradelo Quevedo, Vanessa	5º de Primaria Pérez Alonso, Noelia.
6º E. Primaria Salgado García, Nieves	Especialistas: Rodríguez Pérez, Pilar Isabel (E.M) Pérez Moreira, Eva (F.I) Miguel González, Ángeles (E.R) Román Pena, Rebeca (AL) Abel Souto, Jesús (O) Pérez Mariño, Fernando (E.F.) Senlle Bonet, Lina Natalia (PT) Abal Martínez, Juan (PT PROA+)

3.4- PLAN DE ACTUACIÓN DO EQUIPO DIRECTIVO

Cargo	Nome	Horario de atención ao público
Dirección	Bautista Montero, Francisca de Fátima	Luns de 9.00 a 9.50h Martes de 13.10 a 14.00 mércores, de 9.00 a 9.50; de 10.40 a 11.30 e de 13.10 a 14.00h xoves e venres de 13:10h a 14:00h
Xefatura de estudos	De Araújo Parada, M ^a Teresa	Tódolos días de 9:00h a 9:50h
Secretaria	Pérez Moreira, Eva	Tódolos días de 9:00h a 9:50h

Continuamos no plan de mellora de **bibliotecas** (PLAMBE). Este curso a Biblioteca seguirá a ser utilizada como o ano anterior, cada día será visitada exclusivamente por un grupo-clase. Continuaremos co préstamo de libros e coa Mochila viaxeira.

No ámbito das **TICs**, seguiremos potenciando a utilización das novas tecnoloxías por parte de todo o profesorado e alumnado, este curso coa Aula Virtual xa creada. Trataremos de seguir mellorando a dotación de equipos informáticos, solicitando á Administración o que necesitamos e/ou mercándoos. Xa coa páxina web actualizada, estamos incorporándonos ás Redes Sociais con INSTAGRAM para dar a coñecer as diferentes actividades que se realizan no colexio e facilitar a comunicación coa Comunidade Educativa.

En canto aos distintos equipos docentes, fomentárase e facilitárase a coordinación entre eles co obxectivo de mellorar a calidade educativa.

Como anos anteriores, non contamos coa axuda de persoal suficiente para facer fronte a tódolos trámites (comedor, transporte, libros de texto, matrículas...) que deben ser resoltos nos prazos indicados; a adscrición dun administrativo sería dunha grande axuda para levar a cabo as tarefas burocráticas, tal como vimos pedindo dende sempre.

A seguir detallamos o noso PLAN referidos a diferentes ámbitos de traballo para este curso escolar:

PLAN DO EQUIPO DIRECTIVO PARA O CURSO ESCOLAR 2022-23

1-ÁMBITO PEDAGÓXICO:

- Conseguimos ser CENTRO PLURILINGÜE este curso, o que supón a chegada dunha AUXILIAR DE CONVERSA, que acompaña á mestra de inglés durante as clases e á de plástica en 1º de E.P.
- Continuar fomentando o uso da Biblioteca escolar, favorecer as actividades de animación á lectura.
- Seguir impulsando todo tipo de medidas que melloren a atención á diversidade, empezando sempre que sexa posible, dende o mes de setembro cos apoios do profesorado e co programa PROA+.
- Potenciar a formación do alumnado nas Novas tecnoloxías e na utilización da Aula Virtual (Polos Creativos).
- Axudar na mellora na adaptación dos máis cativos do colexio unha vez rematado o periodo de adaptación, coas horas de apoio do profesorado, para cubrir as necesidades desa aula durante as últimas semanas de setembro.
- Realizar un proxecto de traballo de Rede de Hortas Escolares.
- Traballaremos con todo o alumnado no proxecto FARO NA ESCOLA.
- Traballar aspectos relativos á Educación Emocional e Educación da saúde (FOGGA).
- Proponer actividades diversas para un só grupo-clase ou varios, consistentes en visitas ao centro de persoas que aporten temas de interese para o alumnado.
- Participar nas actividades que oferten as distintas institucións e asociacións (Concello, IES,...).

2-ÁMBITO ORGANIZATIVO:

- Optimizar o aproveitamento dos recursos por parte de toda a comunidade escolar.
- Continuar coas medidas empregadas o curso anterior, que resultaron positivas: entradas-saídas fluídas, o uso da biblioteca diariamente por un curso distinto no tempo de recreo, uso de baños distribuído por cursos, dous comedores.
- Recreos dinámicos, con xogos diversos segundo o espazo (xogos de mesa no porche, xogos de cordas e outros no patio exterior, xogos de pelota variados no pavillón).
- Recuperar as visitas, obradoiros e saídas lectivas.

3-ÁMBITO INSTITUCIONAL:

- Colaborar nas actividades que oferten as distintas institucións.

- Seguir solicitando tanto ao Concello como á Xefatura territorial que sigan a efectuar os arranxos necesarios a fin de subsanar as deficiencias que se observan no colexio, así como de actualizar os equipamentos.
- Este curso seguiremos mellorando os distintos espazos do colexio.
- Incidir na colocación do cartel anunciando o noso colexio na Avda. de Galicia (xa solicitado e aprobado pola Xunta).
- Seguimos pendentes da poda das pólas das árbores máis preto do colexio.
- Solicitar á Xunta a actualización de nomenclatura da fachada do centro (como centro plurilingüe).
- Insistir na limpeza dos canalóns por parte de MANTELNOR.

3.5-XORNADA ESCOLAR E HORARIO DO CENTRO:

O horario do profesorado é de 08:45 a 14:15h. Os martes pola tarde asistimos de 16.00 a 18.30 ao centro escolar, a fin de recibir ás familias (de 16 a 17 horas) e asistir ás reunións fixadas ou ás distintas dinamizacións.

Os horarios individuais do profesorado son remitidos ao Servizo de Inspección Educativa da Delegación Provincial da Consellería de Educación e O.U. (DOC)

- O horario de comedor é de 14.00 a 16.00 h.

- A vixilancia das actividades extraescolares no centro por parte do profesorado será de 16:00 a 17:00h. os luns e venres; de 16:00 a 17:30h os xoves.

3.6-QUENDAS DE VIXILANCIA DOS RECREOS E TRANSPORTE

3.6.1-RECREOS

As zonas de recreo son:

- Patio de Infantil
- Porche
- Patio exterior
- Pavillón(cada día un curso)
- Biblioteca(cada día un curso)

Os días de choiva as zonas de recreo serán:

- Ximnasio: 4º e 5º Infantil
- Porche: 6º Infantil, 1º e 2º E.Primaria
- Pavillón: 3º/4º/5º/6º (os días de choiva NON HABERÁ XOGOS DE PELOTA).
- Biblioteca: o curso que lle toque.

As gardas de recreo realizaránse por quendas, dun xeito equilibrado. Haberá un mestre/a vixiando cada zona de recreo. O mestre/a con vixiancia no porche tamén será o encargado/a de controlar os aseos no recreo.

3.6.2-ENTRADAS/SAÍDAS-TRANSPORTE

Este curso haberá un mestre encargado da vixiancia da chegada do alumnado transportado (o cal deberá permanecer no pavillón ata as 08:55, non podendo estar mezclados co resto do alumnado).

Se o autobús chega ás menos 5 o alumnado entrará, xunto cos demais, directamente ás aulas.

O mestre de garda acompañará ao alumnado de E.Infantil ata a porta da aula.

Á hora da saída haberá 2 mestres/as vixiando ambas portas de entrada-saída, procurando que non berren, non empurren e asegurándose de que suban ao autobús.

En caso de tardanza do autobús, os mestres/as encargadas da vixiancia deben permanecer co alumnado transportado no pavillón ata a chegada do mesmo.

(Ver anexo)

3.7-PROGRAMACIÓN E CALENDARIO DAS REUNIÓN DOS ÓRGANOS DE GOBERNO E DE COORDINACIÓN DOCENTE

Calendario de reunións máis usuais dos MARTES

1ª SEMANA	Dinamizacións dos equipos docentes (Tics-Biblioteca-EDLG-Extraesc.)
2ª SEMANA	Coordinación ciclo infantil Coordinación docentes
3ª SEMANA	Departamento de Orientación C.C.P.
4ª SEMANA	Plan de Convivencia Claustros //CE

Este calendario é orientativo. Pode sufrir cambios, se as necesidades do Centro así o requiren.

As reunións de Claustro e Consello escolar faránse as preceptivas (unha por trimestre) e as que se consideren necesarias.

3.8-PARTICIPACIÓN DO PROFESORADO EN PROGRAMAS DE INNOVACIÓN EDUCATIVA

- Este curso solicitamos a participación no programa PROA+.
- Solicitamos o proxecto de froitas e leite (FOGGA).
- Asimismo continuamos no PLAMBE.
- Seguimos co programa Rede de Hortas Escolares, cunha mestra de primaria como Coordinadora, traballando a horta escolar, así como fomentando o respecto e coidado polo medio ambiente e o ecosistema.
- Concedéronnos o Proxecto de POLOS CREATIVOS, PLAN PROXECTA DE INNOVACIÓN EN DINAMIZACIÓN LINGÜÍSTICA.
- Seguimos co programa de FARO ESCOLA.
- Co plurilingüismo temos unha clase de plástica en inglés cunha auxiliar de conversa, no curso de 1º E.P.

3.9- LIBROS DE TEXTO

Temos algún alumnado con libros adaptados, adecuados á súa dificultade de aprendizaxe; non van no anexo.

(Ver anexo)

3.10-PROGRAMA DE ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES.

3.10.1-Actividades xerais

<i>MES</i>	<i>ANO</i>	<i>ACTIVIDADE</i>
Outubro	2022// 29	Samáin
Novembro	2022// 12 2022//25	Magosto Día Internacional contra a violencia de xénero
Decembro	2022// Do 1 ao 7 10	Constitución//Estatuto Día da Declaración dos

		Dereitos Humanos
Decembro	2022//23 Do 23 decembro ao 6 de xaneiro	Nadal
Xaneiro	2023//30	Día da paz
Febreiro	2023// 20-21 e 22 23	Entroido Día de Rosalía
Marzo	2023// 6-10 8 de Marzo	Semana da Prensa Dia da Muller traballadora
Abril	2023// 23 do 3 ao 10	Dia do libro Semana Santa
Maio	2023// 15-19	Semana das letras galegas
Xuño	2023// 5 de xuño 22 de xuño	Dia mundial do medioambiente Orlas/ fin de curso
Todo o curso	2022-23	PLAMBE, Rede de hortas escolares, Polos creativos, Faro Escola, Proxecto de Innovación lingüística do galego.
Todo o curso	2022-23	Visitas culturais, charlas, contacontos, saídas e outras actividades que nos ofrezan e sexan adecuadas para o noso alumnado.

3.10.2-Actividades do Equipo de Actividades Complementarias e Extraescolares.

Ver no anexo o Plan do Equipo para o curso 2022/23

3.11- PLAN DE AUTOPROTECCIÓN

Gárdase unha copia na secretaría do Centro.

3.12-PLAN DE ORGANIZACIÓN E COORDINACIÓN DAS TAREFAS DO PERSOAL NON DOCENTE.

-PORTEIRO-VIXIANTE

(Este Plan xa foi xuntado na PXA de cursos anteriores, estando un modelo na secretaría).

3.13-PLAN PARA A POTENCIACIÓN E ORGANIZACIÓN DAS RELACIÓNS DA COMUNIDADE COA FAMILIA.

-A través das reunións prescriptivas que se fan ao longo do curso nas titorias con tódalas familias (unha ao trimestre). En caso de non facelas presenciais, faránse telefónicamente, por correo electrónico, etc

-Ao longo do curso hai adicado un tempo semanal, (martes de 16 a 17 horas) para falar, de xeito individual (presencial, por teléfono, etc), temas puntuais (problemas, dificultades de aprendizaxe, marcha do curso...) acerca dos nenos/as coas súas respectivas familias. Ás veces, o horario flexibilízase para aqueles casos nos que a conciliación familiar así o requira.

-Lévase a cabo unha colaboración e participación cos equipos docentes á hora de organizar actividades dentro do colexio (TICs, Biblioteca, EDLG, Extraescolares).

3.14-PLAN DE TRANSPORTE ESCOLAR

O transporte escolar do Centro lévao a cabo a empresa Benito García. A línea é dende a Porta do Sol ata o colexio. Dispoñemos dun autobús para vir e outro de regreso ás 14.00 horas. Despois do comedor fai o servizo ás 16 horas.

Por mor do COVID, o transporte escolar sigue as seguintes pautas:

-Obrigatoriedade de levar a máscara.

3.15-REGULAMENTO DE ORGANIZACIÓN DO COMEDOR

A Directora do Centro encargáse do mesmo.

- Hai unha soa quenda e dous comedores. Ventílanse os espazos, as ventás e as portas están abertas sempre.

- Durante a comida non se poden levantar (agás casos excepcionais de urxencia).

3.16- PLAN DE UTILIZACIÓN DAS INSTALACIÓNS DO CENTRO

Este curso, as distintas instalacións poderán ser empregadas para diferentes actividades co alumnado do Centro educativo, previa petición das mesmas.

3.17.-PLAN DE ACTIVIDADES PROPOSTAS POLA ANPA

Este curso, a ANPA organiza as actividades extraescolares como en cursos anteriores.

3.18.-PLAN XERAL DE AVALIACIÓN DO CENTRO

CALENDARIO DE AVALIACIÓNS

1ª AVALIACIÓN:

13 decembro: E. Infantil (3 anos, 4/5 anos) , 2º, 3 /4º de Primaria 16 a 18:30 Horas (½ hora cada curso).

15 de Decembro: 1º, 5º e 6º de Primaria a partires das 16.00 (1/2 hora por curso aprox.)

Entrega de notas o día 22 de Decembro

2ª AVALIACION

14 de Marzo: 3º/4º-2º-E. Infantil (4/5 anos – 3 anos) de 16 a 18:30 horas (1/2 hora).

21 de Marzo: 6º-1º,5º de Primaria a partires das 16:00 horas(1/2 hora por curso aprox.)

Entrega de notas o día 31 marzo

3ª AVALIACIÓN

**6 de Xuño: 2º E.P., E. Infantil (3 anos, 4/5 anos), 3º/4º de Primaria de 16 a 18:30 horas
(1/2 hora cada curso)**

13 de Xuño: 5º-6º -1º de primaria a partires das 16:00 (1/2 hora por curso aprox.)

Entrega de notas o 21 de xuño.

Estas datas poderán ser movidas no caso de algún imprevisto ou por necesidades do Centro.

4.-PROGRAMAS OU PLANS ANUAIS DE LECTURA

4.1- PROXECTO LECTOR DO CENTRO

- Hora lectora todos os días lectivos, impartido por todo o profesorado.
- Mochilas viaxeiras.
- Renovación das sección de aula con fondos bibliográficos procedentes do espurgo da Biblioteca do centro, coa intención de achegar ao alumnado títulos pouco coñecidos e atraccitos cos que dinamizar a Hora de Ler.
- Realizar exposicións coas novidades adquiridas ao longo do curso.
- Elixir o tema deste curso para a PDI: OS MEDIOS DE COMUNICACIÓN.
- Facilitar ao profesorado recursos cos que traballar a creación de textos informativos ao abeiro do PDI: noticias, podcast, guión, vídeo, texto publicitario...
- Promover outras actividades que posibiliten a expresión escrita creativa do alumnado, organizando concursos, recitáis poéticos, contos colectivos...
- Celebración do Día da poesía.
- Promover sesións de contacontos en distintos soportes para os mási pequenos, coa finalidade de dinamizar os fondos apropiados á súa idade (padriños lectores)
- Potenciar nas titorías a lectura dun libro en castá e en galego para cada curso, de xeito colectivo
- Elaborar itinerarios lectores que sirvan de orientación para a escolla dos títulos a ler.
- Organizar sesións con escritores ou ilustradores dos títulos leídos durante o curso.
- Fomentar todas aquelas actividades complementarias relacionadas cos recursos bibliográficos que ofrezan as entidades culturais.

- Realizar un cómputo trimestral, por cursos, do número de préstamos en forma de “listado das lecturas favoritas”
- Mercar fondos axeitados para o alumnado con NEAE (lectura fácil).
- Dinamizar os préstamos de libros dende a biblioteca.
- Informacións e recomendacións de lecturas para as familias e o alumnado.

5.-PLAN DE DINAMIZACIÓN DAS TICS

Ver no anexo as actividades previstas polo Equipo Tics para o curso 2022/23.

6.-PLAN ANUAL DO EQUIPO DE DINAMIZACIÓN DA LINGUA GALEGA.

Ver no anexo as actividades propostas para o curso 22/23

7.-PLAN DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE (Decreto 229/2011(art.11.4 e 11.5)

Dentro da organización do horario do centro adicaranse unhas sesións para dar apoios a aqueles nenos/as que presenten dificultades no proceso de ensinanza-aprendizaxe. Priorizarase aquelas aulas onde se presenten máis necesidades educativas. Faise en coordinación co D. O.

Este curso contaremos, de novo cun mestre/a de PT polo Proxecto PROA+.

Xúntase o Plan de Atención a diversidade. (Anexo)

8.-PLAN DE CONVIVENCIA (Decreto 8/2015(art.11.5)

8.1- Concreción anual do Plan de Convivencia.

- Faremos unha reunión cada trimestre cando sexa necesario.
- Continuamos co seguimento do clima de convivencia do noso centro a través do control das follas de incidencias (repartidas entre o persoal da comunidade educativa).

9.-PROXECTO DE PLURILINGÜISMO

Ver anexo

10- ANEXO